

## ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

---

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña)./

Teléf. 981.669.532

[leadermarinasbetanzos@gmail.com](mailto:leadermarinasbetanzos@gmail.com); [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/)

### ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 14 DE XULLO DE 2009

En Abegondo, a 14 de xullo de 2009, na Aula Multimedia do Concello de Abegondo, sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

#### **Asistentes:**

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- Dña. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas)
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza)
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dña. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Xoán Ramón Díaz Saavedra, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés García Boutureira, en representación da *mesa da pesca, marisqueo, acuicultura* (Confraría de Pescadores de Sada).

-----

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES**

Apróbanse as Actas da sesións anteriores (18 e 25 de maio de 2009).

## **2.-INFORME DO PRESIDENTE**

### **2.1. PROPOSTA E APROBACION SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”**

Con data 19 de maio de 2009 se ten enviado requirimento de documentación, para poder formalizar a adhesión como socio das seguintes entidades, que no seu momento practicamente solo presentaron o modelo de solicitude de adhesión:

- Asociación de Veciños de Castelo (Culleredo)
- Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza – ADEGA (A Coruña)
- Asociación de Veciños “Val de Veiga” (Culleredo)
- Asociación de Empresarios de Abegondo (Abegondo)
- Asociación Agroalimentaria do Eume (As Pontes)
- Corpoc, S. Cooperativa Galega (Culleredo)
- S.C.R. e Deportiva Peña Amigos de Lorbé (Oleiros)
- A.N.P.A. Lagoa de Viós (Abegondo)
- Federación de Asociaciones Empresariales de As Mariñas (Culleredo)

Acórdase enviar ós membros da Xunta Directiva a relación de documentación pendente das entidades que non teñen presentado a documentación requirida.

A data de hoxe, teñen entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” a documentación requirida das seguintes entidades:

### **2.1.1. FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIALES DE “AS MARIÑAS”**

Os socios promotores desta Federación constituída no ano 2004 son: Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos; Asociación de Empresarios del Polígono de Bergondo; Asociación de Empresarios de Culleredo; Asociación de Empresarios de Sada e As Mariñas; Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre e Asociación de Empresarios de Abegondo.

Os fins principais desta Federación con sede social en **Culleredo** son: A) fomentar e defender a empresa privada no marco da economía libre de mercado. B) Promover o desenvolvemento empresarial da comarca “As Mariñas” en beneficio do interese xeral. C) Propiciar a colaboración con outras agrupacións e entidades de toda España, que persigan os mesmos obxectivos, en beneficio do tecido empresarial. D) Defender os lexítimos intereses dos seus asociados e asistírlles e prestarlles servizo, tanto colectiva como individualmente, fomentando a solidariedade empresarial. E) Representar e xestionar os intereses xerais e comúns do empresario ante a sociedade, entidades públicas e privadas e singularmente ante a Administración. F) Defensa e promoción dos intereses empresariais de carácter xeral que sexan comúns a todas as asociacións de empresarios federadas, e apoiar e amparar a calquera sector comercial. G) Organizar accións encamiñadas a favorecer a equiparación de homes e mulleres no ámbito empresarial, prestándolles o apoio suficiente para levar a cabo as súas iniciativas empresariais. H) Organización e impartición de formación para empresarios, traballadores, parados, colectivos de difícil inserción, etc.

A Xunta directiva valora o interese desta entidade en cooperar en proxectos comúns. Acórdase admitir a esta entidade como membro asociado incluíndoa na MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS.

### **2.1.2. ASOCIACIÓN AGRUPACIÓN AGROALIMENTARIA DO EUME**

A Agrupación Agroalimentaria do Eume constitúese no ano 2003 coma unha Asociación de Dereito Privado, sen ánimo de lucro que ten como ámbito de actuación os concellos é termos municipais de: Cabanas, A Capela, Moeche, Monfero, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas e Vilarmaior; tendo o seu domicilio social nas Pontes de García Rodríguez.

Como carácter xeral destacan entre as súas funcións:

- Establecer relacións de colaboración e participación con Entidades, Institucións e Organismos tanto de carácter público como privado, nacionais ou estranxeiras; así como solicitar e prestar axudas e subvencións de calquera tipo e clase a ditos organismos.
- Promover o funcionamento e participación nunha mesa do sector agrícola e gandeiro dos axentes privados e públicos deste sector nos concellos do ámbito de actuación da Asociación Euroeume.
- Cooperación con outras entidades similares, incluída a integración coas mesmas, para o intercambio de información, experiencias ou recursos para a consecución das fins.
- Promover a creación dunha rede de comercialización para os produtos e os seus derivados, prestando as asistencias necesarias para tal fin.

Segundo o informe asinado polo Secretario de Agroalimentaria do Eume, esta entidade desenvolve unha actividade relevante e consolidada no territorio de “Mariñas – Betanzos”, entre as que se poden destacar:

- Captación de socios, co obxecto de comercializar as súas producións: Casa de Turismo Rural Daldea Pousadoira (Miño); Lácteos Bretón (Irixoa); Produtores de horta convencional e ecolóxica sitios nos Concellos de Miño e Cambre.
- Sinatura de convenios de colaboración: Asociación de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca (ano 2006).
- Traballos de comercialización esporádicos: Para cestas de nadal, colaboracións puntuais con PortoMuíños (Cambre); Horta do Atlántico (Culleredo); Asociación de Queixeiros de Abegondo e Comarca (Abegondo); Repostería María Goas (Oleiros).

A Xunta directiva valora o interese desta entidade en cooperar en proxectos comúns. Acórdase admitir a esta entidade como membro asociado incluíndoa na MESA DO SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO.

## **2.2. AUTORIZACIÓN BAREMO DE PROXECTOS LEADER POR PARTE DE AGADER.**

Con data 04 de xuño de 2009, tense enviado a AGADER solicitude para que se autorice o baremo aprobado na Xunta Directiva celebrada o día 18 de maio de 2009 e que se aplicará para valorar os proxectos que se acollan ás axudas do programa LEADER xestionadas pola Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.

Nesta mesma solicitude, tamén se solicitaba autorización, dentro do citado baremo, para incluír dentro das liñas de prioridade alta de proxectos non produtivos as seguintes:

1. Accións supramunicipais (servizos asesoramento empresarial, proxectos animación e fortalecemento do asociacionismo).
2. Proxectos de planificación estratéxica comarcal (ordenación do territorio, transporte, promoción económica, etc...)
3. Proxectos de apoio para o fomento da “cultura da cooperación e da innovación” no territorio.
4. Proxectos relacionados coa recuperación biótica da auga.

Se comunica á Xunta Directiva que con data 11 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos”, escrito de AGADER autorizando o baremo.

## **2.3. PUBLICACIÓN NO DOG DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS LEADER.**

Se informa que con data 15 de xuño, ten saído publicado no Diario Oficial de Galicia, anuncio informando que o prazo de presentación de proxectos está aberto dende o 18 de maio de 2009 ata o 01 de setembro de 2013.

## **2.4. FORMALIZACIÓN PÓLIZA DE CRÉDITO.**

Co obxecto de facer fronte ós gastos de funcionamento (medida 431), é necesario contar cunha póliza de crédito que adiante os pagos relativos ó funcionamento do programa e que, posteriormente serán abonados por AGADER.

AGADER ten asinado un convenio de colaboración sobre o financiamento do Programa LEADER con catro entidades financeiras (Caixa Galicia, Banesto, Caixa Nova e Caixa Rural), onde os GDR poderán elixir a entidade que máis se axuste as súas necesidades.

Informar que as tres Caixas ofrecen unha contía económica anual a todos os Grupos, que terán que ser destinados a promover actividades dos asociados (1.500.-€).

Xúntase a seguinte documentación, que é resumida na xuntanza:

Convenio AGADER – Caixa Rural Galega

Convenio AGADER – Banesto

Convenio AGADER – Caixa Galicia

Convenio AGADER – Caixa Nova

#### TABOA-RESUMO PROPOSTAS BANCARIAS

A Xunta Directiva acorda que se formalice a póliza de crédito coa entidade Banesto, por considerar que é a opción máis barata. Tamén autorizan a que a Presidencia e a Tesourería fagan os trámites oportunos para formalizar dita póliza de crédito. Así mesmo tamén autorizan á Presidencia, no caso de ser necesario financeiramente a formalizar outra nova póliza de crédito con Caixa Galicia.

#### **2.5. ADHESIÓN Á DECLARACIÓN A FAVOR DO MONTE GALLEGO: “O MONTE É A NOSA VIDA, AXÚDANOS A COIDALO”**

As asociacións Fearnaga (Federación de Serradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia), Asociación Galega Monte Industria e o Cluster da Madeira de Galicia, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, teñen iniciado no ano 2007 unha campaña de sensibilización social a favor do monte galego.

O obxectivo desta iniciativa conxunta é informar á sociedade galega, e a todas aquelas persoas en xeral, da enorme riqueza que supón contar co 66% do territorio declarado como superficie forestal, sobre todo nun momento no que o cambio climático está modificando a paisaxe de moitas zonas do monte. En base a isto, temos recibido unha invitación para adherirse a Asociación “Mariñas – Betanzos” á Declaración a favor do monte galego. O presidente ten asinado en representación da entidade o compromiso de adhesión.

A Xunta Directiva acorda que se envíe o contacto da Asociación Fearnaga a todas as entidades asociadas do GDR, por si están interesadas en adherirse a esta declaración.

#### **2.6. PROPOSTA ADHESIÓN COMO SOCIO Á ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA.**

O Grupos de Acción Local implicados no proxecto subvencionado polo Programa PRODER II “Aprendendo da experiencia propia dos Programas de Desenvolvemento Rural de Galicia (2000-2006)”, teñen creado a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Esta Asociación está composta polos Grupos de Acción Local: Asociación Euroeume, ADR Pontevedra, Asociación Río Lor, Asdecomor (Ordes), Asociación A Ulloa e a Asociación Terra das Mariñas.

Dende AGADER se quere reforzar e animar a creación da “Rede Galega de Grupos de Galicia”, e esta Asociación podería ser ese xérmolo.

A Xunta Directiva autoriza a que se realicen os trámites oportunos de adhesión como socio a esta entidade con vistas a constituírse como Rede Galega, nomeando como representante para todas as actuacións ó Presidente.

### **3.-INFORME DA XERENCIA**

#### **3.1. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DO PROGRAMA LEADER DO MES DE XUÑO DE 2009**

##### **3.1.1. REUNIÓN INFORMATIVAS DO PROGRAMA LEADER**

- **REUNIÓN COS TÉCNICOS LOCAIS DO TERRITORIO.**

O día 21 de maio de 2009, no Edificio Sociocultural de “A Senra”, tivo lugar unha xuntanza cos técnicos e técnicas locais de emprego da comarca, co obxectivo de informar sobre todas as novidades respecto ó lanzamento do Programa LEADER.

Á reunión asistiron os técnicos e técnicas dos Concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos, Paderne e Sada, así como a axente de emprego da Asociación Terra das Mariñas e un técnico da Fundación Comarcal de Betanzos.

Dende o equipo técnico se lles propuxo traballar en rede, baseándose principalmente en que a oficina máis próxima e de referencia para os potenciais promotores do Programa LEADER está na Axencia de Desenvolvemento Local de cada concello.

Os puntos a destacar que se trataron foron os seguintes:

1. Novidades respecto ó Programa LEADER: Apertura prazo para a presentación de proxectos do Programa LEADER; Información sobre o cadro financeiro do Programa LEADER do GDR “Mariñas – Betanzos”; Principais obxectivos do traballo a realizar dende o equipo técnico; Proxectos de cooperación; Reunións difusión Programa LEADER
2. Outros Programas do territorio: Leader; Plan de Dinamización do Produto Turístico; Programa Mandeo; Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

- **CHARLA INFORMATIVA DO PROGRAMA LEADER DIRIXIDA A ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE CULLEREDO**

O mércores día 03 de xuño de 2009, tivo lugar na Sala de Xuntas do Concello de Culleredo unha charla informativa do Programa LEADER. Esta charla foi realizada polo Equipo Técnico do Programa a petición da Concellería de Promoción Económica.

Á reunión asistiron representantes de Asociacións do Concello de Culleredo, e os puntos a destacar que se trataron foron os seguintes: a) Novidades respecto ó Programa LEADER, b) Recollida por parte do equipo técnico de ideas e proxectos para o seu encaixe no Programa LEADER.

Ó remate da xuntanza, se lles fixo entrega da “Guía LEADER para Emprender” a todos os asistentes.

- **ASISTENCIA STAND INSTITUCIONAL NA X EDICIÓN DA FEIRA DE PADERNE 2009.**

Os días 04 e 05 de xullo de 2009, tense celebrado a X Edición da Feira de Paderne. Esta feira é un referente ineludible para profesionais e comerciantes das Mariñas, tendo un programa que dinamiza os sectores da alimentación, gandería, horta, flor, forestal e maquinaria.

A Asociación “Mariñas – Betanzos” fixo a difusión do Programa LEADER nesta feira, coa aportación ó stand institucional de trípticos e un cartón pluma co lema “Axudas para emprender no rural 2007-2013”, ademais de ter enviado unha nota informativa do Programa LEADER ós organizadores co fin de ser publicado na revista que se edita con motivo da celebración da feira.

### **3.1.2. INFORMACIÓN DO PROGRAMA LEADER A POSIBLES EMPRENDEDORES POR PARTE DO EQUIPO TÉCNICO.**

#### **3.1.2.1. Entidade: Comunidade de Montes Veciñais de Irixoa.**

Os comuneiros pretenden arranxar a área recreativa de Mántaras. Repoboación da Comunidade de Montes Veciñais con especies autóctonas de Galicia. En estudo outras actuacións: Posibilidade de facer un cebadeiro para a cría de vacas, facer plantacións de cultivos forraxeiros para manter as vacas; posibilidades de plantar lúpulo, etc. Na actualidade, a Xunta Directiva do monte tería que definir o modelo a seguir.

#### **3.1.2.2. Entidade: María José Faraldo García.**

Restaurante na parroquia de Velouzás para dar un servizo de restauración á casa de Turismo Rural existente e propiedade dos promotores (Casa Sixto). Capacidade para 150 persoas. Os promotores aínda están realizando o proxecto pero están totalmente decididos a realizalo. Posúen horta, invernadoiro e crían animais domésticos (galiñas e coellos), produtos propios que utilizarán na restauración. Pretenden crear un restaurante con denominación de “palleira”, adaptado á construción típica galega, e que podería replicarse no territorio.

#### **3.1.2.3. Entidade: Asociación de Jóvenes Empresarios de A Coruña. Viveiro de Empresas.**

Pretender crear un viveiro de empresas no que se desenvolverán as ideas empresariais aportadas polos emprendedores nos despachos do Viveiro, baixo o apoio dos profesionais cualificados de AJE, e cun prezo en consonancia coas dificultades de liquidez de calquera actividade empresarial nos seus inicios.

Contará tamén cun espazo dedicado a Hot Desk (espazos de traballo individuais) para aqueles profesionais cuxos requirimentos para desenvolver as súas actividades se limitan a poder conectarse a unha rede para estar en contactos cos seus clientes, ou simplemente un espazo no que poder traballar separado do seu ámbito familiar, ou que queren estar en contacto cunha comunidade de profesionais que fomenten o coworking (colaboración de profesionais en proxectos multidisciplinares) polas novas oportunidades de negocio que poidan xurdir.

Este proxecto está en territorio non elixible LEADER, polo que se canalizaría a través do Grupo de Acción Costeira.

#### **3.1.2.4. Entidade: Xogos e obras Cogumelo, S.L.**

Empresa constituída no ano 2009, con sede social no Polígono de Bergondo. A súa actividade é o deseño e fabricación de xogos infantís e acondicionamento de parques infantís. A iniciativa consistiría na instalación de medidas de seguridade dacordo ca lexislación vixente e o trámite da Homologación TÜV para materiais e deseños. O tipo de proxecto sería de ampliación de carácter produtivo.

Este proxecto está en territorio non elixible LEADER, polo que se canalizaría a través do Grupo de Acción Costeira.

#### **3.1.2.5. Entidade: Zona Padel y Squash, S.L.**

Empresa de nova creación situada en Meicende (Arteixo), que pretende crear unha nova oferta de ocio, coa posta en marcha de pistas de padel e squash. Solicitan axuda para levar a cabo as pistas,

acristalamiento e peches. As inversións terían un custo aproximado de 150.000.-€ . O tipo de proxecto sería de creación.

Este proxecto está en territorio non elixible LEADER, polo que se ten canalizado a solicitude a través do Grupo de Acción Costeira.

#### **3.1.2.6. Entidade: Carpintería A Meedeira, S.L. (13/05/2009)**

Empresa creada no ano 2004. A entidade foi constituída como empresa do sector da carpintería e ebanistería para traballar de xeito artesanal. Os socios son dous mozos coa titulación de grao medio na especialidade de carpintería e con experiencia no sector da industria da madeira. O proxecto consistiría na compra de maquinaria co obxectivo de incrementar o tipo de produtos a elaborar. Teñen previsto manter os postos de traballo existentes.

Os promotores están ultimando a documentación para presentar a solicitude de axuda.

#### **3.1.2.7. Entidade: O Folgar de Gandarío, S.L.**

Entidade situada na parroquia de Ouces (Bergondo). O proxecto consiste na transformación dunha vivenda comunitaria en Folgar Residencial para o que precisan unha ampliación e acondicionamento das instalacións xa existentes. O promotor ten previsto contratar a dúas persoas a tempo completo e unha a tempo parcial.

Este proxecto non encaixa no Programa LEADER, por non conceder axudas para centros que acollen a persoas dependentes. Intentará canalizarse a través do Grupo de Acción Costeira.

#### **3.1.2.8. Entidade: Asociación Agalpi**

Esta entidade está a traballar en dous proxectos, un consistente na construción e equipamento dun centro de selección e conservación xenética de carácter non produtivo e outro de carácter produtivo, consistente nun centro de recuperación da raza "Galiña piñeira", sitos no Concello de Abegondo. As inversións serían aproximadamente de 200.000.-€..

#### **3.1.2.9. Entidade: José Fresco García**

O proxecto consiste na creación dun adega de licores en Carral, onde mesturar materias primas para producir e posteriormente vender licores varios. A inversión tería un custe aproximado de 90.000.-€.

#### **3.1.2.10. Entidade: Ornytion, S.L**

Empresa ubicada no Concello de Bergondo adicada ó deseño, fabricación, construción e comercialización de aparatos e instrumentos electrónicos de uso en instalación de enerxías renovábeis. Nestes intres, ábrense novos mercados no exterior polo que a proposta presentada se consideraría de ampliación, baseándose na compra de maquinaria e dun programa informático de xestión. O custo aproximado é de 100.000 euros.

#### **3.1.2.11. Entidade: Cadenote Yatch, S.L.**

Situada no Concello de Sada, a súa actividade basease no turismo e na prestación de servizos náuticos. O proxecto consistiría no acondicionamento dun pantalán e a compra de barcos para ofertar actividades náuticas a diferentes entidades, así como a organización de regatas. O proxecto tería encaixe a través do Grupo de Acción Costeira.



### **3.1.2.12. Entidade: Asociación Inclusión**

Asociación de discapacitados. Presentan dous proxectos diferenciados. A compra dun local e o seu acondicionamento para ser nova sede social da Asociación, e outro que sería a Recuperación e Integración do Castro de Meirás.

O proxecto da sede social non encaixa no Programa LEADER por estar ubicado no núcleo de Sada.

O proxecto do Castro de Meirás podería encaixar no Programa LEADER.

### **3.1.2. 13. Entidade: Frugal, Soc. Coop. Galega**

Cooperativa formada por tres socios adicados á deshidratación de froitas para vender envasadas. O proxecto sería de creación. Non solicitarían axuda ó Programa LEADER.

### **3.1.2.14. Entidade: Juan Luís Costoya**

Acondicionamento dunha nave en Montellos (Betanzos) e instalación de mobiliario co obxecto de ser destinada a granxa de coellos e perdices para repoboar montes. O promotor ten experiencia de como funciona a actividade xa que se encarga polo seu traballo actual de mercar coellos e perdices para os Tecores.

### **3.1.2.15. Entidade: Fundación Juana de Vega.**

Este proxecto pretende desenvolver un proceso de animación e dinamización social do tecido empresarial ligado ó ámbito sectorial dos viveiros produtores e/ou comercializadores de planta ornamental, co obxectivo de promover a xeración de iniciativas innovadoras e fomentar a innovación neste sector. Sería de carácter non produtivo.

### **3.1.2.16. Entidade: Aspanaes: Mellora de Centro de Día en Castelo (Culleredo)**

Esta iniciativa consistiría na mellora dun Centro de Día para persoas autistas que ten a “Asociación de pais de persoas con transtorno del espectro autista da provincia de A Coruña” (ASPANAES) na parroquia de Castelo (Culleredo). O Centro conta na actualidade con vinte prazas, e se buscaría adecuar o entorno da finca para crear unha área de espaxamento, integrando xogos e traballos de horta e invernadoiros. Así mesmo, crearíase unha “aula sensorial” para mellorar as capacidades dos rapaces.

## **3.2. SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER**

### **3.2.1. Proxectos presentados:**

#### **3.2.1.1. MEDIDA 4.1.1. DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL**

##### **Expte. L29-411-005 Reimplantación de cultivo de lúpulo no territorio.**

Con data 04 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda da entidade Lúpulo Tecnoloxía de Galicia, S. Coop. Galega.

A entidade é unha cooperativa agraria con domicilio social no concello de Bergondo, tendo por obxecto a realización de todo tipo de operacións encamiñadas ó mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, dos seus elementos ou compoñentes, e da Cooperativa, e a mellora da poboación agraria e do desenvolvemento rural, así como atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou se relacione directamente con ela.

O proxecto consiste na reimplantación de cultivo de lúpulo nos concellos inicialmente de Abegondo, Bergondo, Oza e Cesuras. A inversión prevista será aproximadamente de 500.000.- euros. Pretenden chegar ás 30 hectáreas.

### **3.2.1.2.MEDIDA 4.1.3. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA**

#### **Expte. L-29-413.002 Papelería e servizos de fotocopiadora (Oza dos Ríos)**

Con data 05 de xuño de 2009, ten entrada no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda asinada por Mónica Boedo.

A promotora pretende crear unha papelería-librería con servizos de fotocopiadora, en Oza dos Ríos. Ten pensado levar a cabo outros servizos non existentes no territorio, como de venda de mobiliario de oficina e consumibles informáticos así como servizos de fotocopiadora.

Esta iniciativa creará o propio emprego da promotora. A inversión prevista será aproximadamente de 31.743,35.-€, dirixidos á compra de equipos informáticos, rótulo luminoso, mobiliario, obra civil e publicidade.

#### **Expte. L-29-413-003 Ampliación de empresa de servizos forestais (Cambre)**

Con data 25 de maio de 2009, ten entrada no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda, asinada por Sergio Ares.

O promotor, un mozo menor de 40 anos ten unha empresa adicada á prestación de servizos no medio rural e limpeza de montes, con sede na parroquia de Brexo Lema (Cambre).

Recentemente obtivo a licenza de Xestor de Residuos Sólidos Urbáns, polo que para ampliar os servizos de saneamento así como os traballos forestais vese na necesidade de comprar maquinaria adaptada a este novo servizo. Esta iniciativa creará un emprego. A inversión prevista será aproximadamente de 85.000.- euros

#### **Expte. L-29.413.004 Creación empresa xestión integral de turismo e servizos de ocio (Culleredo)**

Con data 02 de xuño de 2009, ten entrada no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade Mundocio Eventos&Entretenimiento, S.L.

O proxecto que se presenta consiste na creación dunha nova empresa de xestión integral do turismo, eventos e entretemento. Se pretende ofrecer un servizo de ocio de calidade e personalizado para ampliar as posibilidades de ocio dos establecementos hostaleiros, ofertando unha proposta integral de entretemento e actividades deportivas e culturais.

O proceso de prestación do servizo baséase en planificar e realizar actividades de ocio para todas as idades, sendo a prioridade o desfrute do público obxectivo. A empresa quere converterse nun centro de referencia no ocio, que permita aos clientes darlle ás celebracións infantís e de adultos o entretemento que desexen, ofrecendo xestión integral de eventos e viaxes tanto para particulares como para grupos de empresas, colexios, concellos, etc. Un dos aspectos que máis se coidará na prestación do servizo será a atención e coidado de cada usuario como se fose o único, dotando da maior calidade e efectividade ao servizo.

Esta iniciativa creará o emprego do propio promotor. A inversión prevista será aproximadamente de 235.000.-€. que irán dirixidos a modificar o local para gardar o material necesario para as actividades lúdicas e adquisición de equipos de entretemento.

#### **Expte. L29-413-006 Creación de planta de transformación e secado de lúpulo.**

Con data 04 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade Lúpulo Tecnología de Galicia, S. Coop. Galega.

O proxecto consiste na creación dun planta de secado para aproximadamente 30.000 kg. de lúpulo. A inversión prevista será aproximadamente de 450.000.- euros. Actualmente están buscando ubicación para este proxecto.

#### **Expte. L29-413-007 Creación de planta de transformación de cultivos hortícolas.**

Con data 04 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade Lúpulo Tecnología de Galicia, S. Coop. Galega.

O proxecto consiste na recollida e transformación de cultivos hortícolas para a venta, aproveitando a complementariedade do cultivo de lúpulo. A inversión prevista será aproximadamente de 500.000.- euros.

#### **Expte. L-29.413.008 Creación Centro de Día (Irixoa)**

Con data 05de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade MRYCD San Judas Tadeo, S.L.

O proxecto consiste na creación dun Centro de Día no lugar de Lamela en Irixoa, con dispoñibilidade para 25 persoas, co obxecto de prestar servizos de asistencia integral e continuada a maiores nun entorno propicio para o benestar da terceira idade. Este proxecto forma parte dun proxecto conxunto de dúas partes: un Centro de Día e unha Residencia da terceira idade. A residencia da terceira idade non é elixible no Programa LEADER.

Con esta iniciativa se pretenden crear dous empregos como mínimo. A inversión prevista será aproximadamente de 714.000.-€.

#### **Expte. L-29.413.009 Ampliación refuxio de animais (Coirós)**

Con data 01 de xullo de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade Asociación Protectora de Animais Gatocan.

A Asociación Gatocan posúe un refuxio de animais, ubicado na parroquia de Lesa (Concello de Coirós), que conta con 15 caniles, enfermería, almacén, sala de lavados de animais, oficina, área de cuarentena, aula de medio ambiente, paritorio e cuarto de baño. Dispón tamén dunha parcela colindante acondicionada para a recollida e acollemento de gatos. Para o mantemento das instalacións a Asociación conta, ademais da colaboración de voluntarios, con dúas mulleres vítimas da violencia de xénero contratadas.

Sinalar que a labor levada a cabo por esta Asociación contribúe activamente á mellora do medio. Se non fora polo traballo desta Asociación na comarca, o número de animais abandonados se multiplicaría, supoñendo un grave problema de salubridade pública e un importante deterioro do medio natural.

O proxecto consiste en ampliar as súas instalacións coa construción de 20 caniles, debido a que os que teñen actualmente son insuficientes para dar acollida ó crecente número de animais abandonados. Esta

ampliación permitiría dar servizo a algún concello da comarca que ten manifestado o seu interese por contar co servizo de recollida de animais abandonados que por lei están obrigados, e que para estes concellos dispor individualmente deste servizo resultaríalles inasumible economicamente.

Con esta iniciativa de carácter non produtivo, se crearían dous empregos na comarca. A inversión prevista será de 158.638,28.-€ dirixidos a execución da obra civil e a elaboración do proxecto e licenzas.

A Xunta Directiva comenta que sería interesante que Gatocan se comprometera a recoller animais noutros concellos.

### **3.3. PROXECTOS DE COOPERACIÓN: CONVOCATORIA ANO 2009 DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO.**

O Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino pretende consolidar, dende a transparencia e a colaboración entre as diferentes administracións implicadas, a cooperación entre territorios de diversas comunidades autónomas e doutros Estados, membros ou non membros da Unión Europea, como un dos principais instrumentos a fortalecer dende a rede rural nacional, considerada como un sistema integrado destinado a asegurar alianzas, divulgar experiencias, e conformar un escenario común para a consolidación do medio rural en España.

Para elo ten publicado no Boletín Oficial do Estado o día 22 de maio de 2009 a Orde *“ARM/1287/2009, de 8 de maio pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional, no marco da rede rural nacional, e se convocan as correspondentes ó exercicio 2009”*.

Poderán acollerse ás subvencións previstas nesta orde ós Grupos de Desenvolvemento Rural, seleccionados no marco do eixe 4 LEADER dos programas rexionais de desenvolvemento rural, que participan nun proxecto de cooperación interterritorial ou transnacional, a través dun Grupo de Desenvolvemento Rural coordinador.

Informar á Xunta Directiva, que teñen convidado á Asociación “Mariñas – Betanzos” a participar como socios en dous proxectos:

- 1. Proyecto “Observatorio Rural de Empleo, para la mejora de la empleabilidad en el medio rural”.** (ver memoria no blog do GDR “Mariñas – Betanzos”)
- 2. Proxecto de cooperación transnacional “Tejiendo Redes”** (ver memoria no blog do GDR “Mariñas – Betanzos”)

Así mesmo, “Mariñas – Betanzos” ten presentado o día 04 de xullo de 2009 ante a Consellería como *“xefe de filas”*, o proxecto:

**3. “Rede de espazos ambientalmente competitivos: Caracterización medioambiental para impulsar a competitividade das actividades e produtos asociados”**, que agrupa tres liñas de traballo dentro do Plan de Cooperación e que xa estaban definidas na candidatura elaborada para optar ó Programa LEADER.

Estas liñas de actuación, que están reflexadas no libro (Anexo IID) son: 1) Aproveitar a posta en marcha da Directiva marco da auga para formular estratexias que impliquen a participación social en proxectos de mellora de espazos de interese ambiental. 2) Formular e aplicar estratexias para a identificación, a mellora

da calidade, a diferenciación e a estruturación da comercialización dos produtos agrarios e artesanais ligados ó territorio. 3) Formular e aplicar estratexias para a posta en valor do territorio a través do turismo.

“Mariñas – Betanzos”, como grupo coordinador asumirá e desenvolverá as funcións propias de dirección e coordinación, redactará o anteproxecto, proxecto e acordos de cooperación e se encargará da distribución da subvención entre os grupos participantes. Asumirá o control e seguimento do proxecto, a presentación dos informes requiridos, supervisará e velará para que os grupos participantes cumpran cos compromisos asumidos, promoverá o desenvolvemento das accións comúns e desenvolverá as tarefas que correspondan para o peche do proxecto e a súa xustificación. Encargarase de manter a unidade do proxecto respectando as particularidades de cada territorio.

A Xunta Directiva acorda participar nestes proxectos, nomeando ó Presidente como representante da Asociación e autorizándoo para facer as xestións oportunas.

### **3.4. PROGRAMAS EN MARCHA NO TERRITORIO.**

#### **3.4.1. PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO NA AREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

No mes de novembro de 2008 asinouse o convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Consellería de Innovación e Industria da CC.AA. de Galicia, o Concello de A Coruña, O Consorcio das Mariñas e a Asociación Provincial de Hostalería de A Coruña para o desenvolvemento dun Plan de Dinamización do Produto Turístico na Área Metropolitana de A Coruña, que abarca o ámbito territorial dos municipios de A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, destino piloto para a aplicación dun P.D.P.T., que se concretará na realización de actuacións cos seguintes obxectivos:

- Aumento da calidade dos servizos turísticos do destino.
- Mellora do medio urbano e natural dos municipios.
- Ampliación e mellora dos espazos de uso público.
- Aumento, diversificación e mellora da oferta complementaria.
- Posta en valor de recursos turísticos.
- Creación de novos produtos.
- Sensibilización e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade.

As actuacións previstas no presente P.D.P.T. (2008-2010), se valoran en 3.990.000.-€, financiadas conxuntamente polas tres Administracións Públicas.

**Mais información:** <http://www.consorcioam.org/index.php?id=36>

#### **3.4.2. PROGRAMA MANDEO (2007 -2010): POSTA EN VALOR DOS CAUCES FLUVIAIS. 1ª FASE: RÍO MANDEO.**

O obxectivo xeral deste proxecto, promovido pola Deputación Provincial da Coruña e financiado con fondos FEDER, é potenciar o desenvolvemento sostible dos Concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza dos Ríos, Paderne e Sobrado, cuxo vínculo é unha conca fluvial.

Co fin de acadar o obxectivo xeral, este proxecto de rexeneración rural ten definidos os seguintes obxectivos parciais:

- Recuperación ambiental do ecosistema fluvial seguindo os principios e directrices da Directiva Marco da Auga.

- Poñer en valor o patrimonio natural e cultural:

- Crear imaxe de marca, con fins turísticos
- Crear polos de interese lúdico

- Contribuír á recuperación das localizacións fluviais máis significativas, mediante:

- Acondicionamento para uso público con fins culturais-recreativos de áreas de marcado carácter fluvial.
- Potenciación do patrimonio paisaxístico, cultural e histórico do ámbito territorial afectado relacionado co río.
- Garantir a biodiversidade mediante a mellora da conservación dos hábitats naturais.
- Promover a creación de riqueza no territorio actuando na calidade, percepción e disfrute do medio fluvial tanto por parte dos propios cidadáns do territorio como polos potenciais turistas e visitantes.
- Fomentar a educación medioambiental.

Entre as actividades que se están desenvolvendo neste Programa, podemos destacar entre outras:

- Construción e mellora de infraestruturas de abastecemento.
- Inventario de fontes públicas, pozos e redes veciñais
- Ordenación racional da zona fluvial “Os Caneiros”
- Creación de zonas de ocio ó longo do corredor fluvial.
- Acondicionamento Pazo de Mariñan, centralización de parámetros. Ruta Camelias.
- Creación dun centro de interpretación do entorno fluvial.
- Deseño e execución do Centro Etnográfico e de formación do Mandeo.
- Delimitación do entorno do Centro mediante unha actuación de “land art”.
- Creación de rutas sinalizadas e promoción doutras rutas na zona.
- Establecemento de rutas de sendeirismo nocturnas.
- Impulsar unha rede de aloxamentos-restauración con alto estándar de calidade.
- Implementación dunha unidade didáctica ambiental.

O financiamento deste Proxecto que ten un orzamento total de 12.416.585.-€ se realizará o 70% a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o 30% restante, a través da Deputación Provincial da Coruña.

**Mais información:** <http://www.dicoruna.es/diputacion/planes/feder.htm>

### **3.4.3. GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”.**

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, na Orde do 17 de xullo de 2008, publicada no Diario Oficial de Galicia do día 27 de xullo de 2008, ten convocado o proceso de selección de asociacións para outorgarles o recoñecemento de entidade colaboradora da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos baixo a denominación de Grupo de Acción Costeira (GAC).

Os encargados de levar a cabo esta estratexia serán os GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA, que terán un funcionamento similar ós ata agora coñecidos como Grupos de Acción Local. Para elo, se ten constituído o Grupo de Acción Costeira “Golfo Artabro-“, que abarca os municipios de Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Miño, Oleiros, Paderne, Pontedeume, Sada, Cabanas, Ares, Mugardos, Fene, Neda e Narón.

Este Grupo ten deseñado participamente un Plan Estratéxico Zonal (PEZ), onde o obxectivo principal é *asegurar a sostenibilidade do litoral no Golfo Ártabro*, do que saíran os seguintes obxectivos específicos: Asegurar a sostibilidade social, a económica e a ambiental.

Esta Estratexia está dividida en catro eixos onde se recollen as diferentes liñas de axudas. En todos os proxectos que sexan apoiados economicamente se deberá ter en conta o fomento das novas tecnoloxías; a igualdade de oportunidades e cooperación/participación e deberán cumprir a normativa de accesibilidade.

Os eixos son os seguintes:

- **Eixo I: Fomento da competitividade do sector pesqueiro**

Proxectos dirixidos a fomentar a competitividade do sector pesqueiro mediante medidas de mellora da comercialización, a valorización dos produtos do mar en base a diferenciación e a calidade. Tamén se traballará na seguridade alimentaria e na trazabilidade dos produtos, na formación e capacitación dos axentes do mar e o impulso do I+D+i no sector entre outras actividades.

- **Eixo II: Promoción Económica e fomento da diversificación.**

Apoiarase economicamente o xurdimento de proxectos que diversifiquen a economía pesqueira, en ámbitos relacionados co sector.

Por outra banda, buscarase mellorar a calidade da hostalería no territorio e acondicionamento de infraestruturas para persoas de mobilidade reducida.

- **Eixo III: Mellora do contorno natural e a calidade ambiental.**

Mellora ambiental e da valorización de zona na Rede Natura 2000 e outras de interese natural; valorización dos ecosistemas mariños e recuperación e rehabilitación de zonas ambientais degradadas. Recuperación de habitats.

- **Eixo IV: Promoción da cohesión social**

Recuperación e rehabilitación dos pobos mariñeiros e barrios mariñeiros que existen no territorio, como elemento primordial da mellora da calidade de vida.

Destacar que neste Programa non existen núcleos nin zonas excluíntes. AGADER esixe que o G.A.C. e o G.D.R. se coordinen, polo que para asegurar isto o presidente do GAC e o representante da “Mesa do sector da pesca” na Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.

**O día 08 de maio de 2009** ten saído publicado no Diario Oficial de Galicia a orde pola que se convocan as axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ós Grupos de Acción Costeira. Terá que asinarse un convenio de colaboración coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” para a aplicación do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) no marco do Eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013.

O orzamento total designado para este Programa ascende a 3.711.630.-€ para o período 2007-2013. Os proxectos deberán rematar antes do 30 de xuño de 2013.

**Dado o atraso na posta en marcha deste programa, e que oito dos quince concellos pertencen a “Mariñas – Betanzos”, informar que dende o equipo técnico do Programa LEADER, se están a canalizar proxectos e a difundir dito Programa no territorio.**

#### **3.4.4. PROGRAMA LIFE+ - CONCELLO DE ABEGONDO.**

O Programa LIFE+ que está a xestionar o Concello de Abegondo, ten como obxecto asegurar o estado ecolóxico das augas na conca hidrónica dos ríos Mero e Barcés e o LIC Abegondo-Cecebre. O programa vai supoñer un investimento de 1.000.000 de euros en programas e infraestruturas destinadas a protexer a calidade das augas destes recursos hídricos, dos que se abastece de auga potable a preto de 500.000 persoas.

Os socios deste proxecto que dirixe o Concello de Abegondo, son Augas de Galicia, a Consellería de Medio Rural e a Empresa Municipal de Augas da Coruña .

**RESULTA Á VISTA DA EXISTENCIA DESTES PROGRAMAS, A NECESIDADE DE COORDINARSE PARA EVITAR DUPLICIDADES, ASÍ COMO REFLEXIONAR SOBRE OS PROXECTOS QUE SE FINANCIARAN A TRAVÉS DO PROGRAMA LEADER, NOMEADAMENTE RELATIVOS Á PROMOCIÓN TURÍSTICA MUNICIPAL.**

#### **4.-ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **4.1. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DA CREACIÓN DA IMAXE CORPORATIVA DO G.D.R. MARIÑAS-BETANZOS E EDICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PROMOCIONAL.**

Publicadas as bases para a contratación do concurso de creación da imaxe corporativa da Asociación Mariñas-Betanzos e edición de material promocional, preséntanse 6 propostas na sede da Asociación.

O 17 de xuño de 2009 réunese a mesa de contratación para resolver o concurso, e constátase a falta de documentación do sobre A (Documentación Xeral) de tódolos licitadores, acordándose por unanimidade que sexa solicitada de inmediato.

O 1 de xullo de 2009 réunese novamente a mesa de contratación, procedendo nun primeiro momento, a comprobar a documentación solicitada. Posteriormente, a mesa de contratación valora a documentación presentada, resultando seleccionada “IDEA CREATIVIDAD Y COMUNICACIÓN S.L.”

A Xunta Directiva aproba a proposta de adxudicación presentada pola Mesa de contratación e que se proceda á formalización do contrato; ó mesmo tempo que acorda que as cinco propostas de logotipo que ten que presentar a empresa adxudicataria sexan enviadas por correo electrónico a todos os membros da Xunta, co obxecto de que se faga unha votación.

Tamén se acorda que unha vez elaborada toda a imaxe corporativa, se convoque unha rolda de prensa presentando toda a campaña promocional.



#### **4.2. PROPOSTA DE PAGO DOS GASTOS DE DESPRAZAMENTO ÓS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA**

A Xunta Directiva acorda que se aboen os gastos de desprazamento orixinados por asistencias a Xuntas Directivas, Asembleas Xerais e outras actividades vinculadas co Programa LEADER. O gasto por km. será de 0,19 euros e será enviada unha folla por correo electrónico a todos os membros para que faciliten os seus datos bancarios para ser pagados a través de transferencia.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Abegondo, a 14 de xullo de 2009

A Secretaria,  
Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe O Presidente  
Asdo.: D. José Antonio Santiso Miramontes